

Na Coruña, 18 de agosto de 2022

Benqueridas compañeiras,  
Benqueridos compañeiros,

Permitídemme que comece por presentarme para aquelas e aqueles que aínda non me coñezades. O meu nome é Aitor Bouza Manso e son árbitro da delegación de Ferrol nas especialidades de natación e wáter-polo. Escribo estas primeiras verbas tras ter sido nomeado, ao finalizar o proceso electoral, como presidente do Comité Galego Arbitral (CGA) da FEGAN co inmenso orgullo, pero tamén coa fonda responsabilidade que implica representar a un colectivo como o noso que leva décadas desenvolvendo a súa tarefa na nosa terra.

A miña principal función non é outra que a de ser o voso altofalante para a defensa dos intereses do Comité Galego Arbitral no seu conxunto, aínda que para desenvolver esta tarefa non vou estar só e por iso quero aproveitar esta primeira carta para darvos a coñecer a través do documento anexo a toda a equipa que nos encargaremos de liderar esta nova etapa coa axuda e implicación de todas e cada un e cada unha de vós.

Tócanos hoxe recoller o legado de todas aquelas persoas que nos precederon e que nos permitiron chegar até aquí grazas a toda a súa dedicación e arduo traballo. Esas persoas que levan toda unha vida construíndo e facendo grande este Comité. Seguiremos a vosa senda con orgullo e determinación para que cando nuns anos botemos a ollada cara atrás consigamos que os que nos sucedan sigan sentindo ese mesmo orgullo de pertencer a este magnífico equipo de persoas que conformades todo o CGA.

Non podemos esquecernos tampouco de todas as persoas que vos acabades de incorporar a esta equipa arbitral de Galicia, dándovos a benvinda e agardando que nos queden moitos anos camiñando xuntos a prol das diferentes especialidades deportivas da nosa Federación. Esta é a vosa casa e agardamos que pronto vos sintades parte tamén desta gran familia.

A todas e todos, veteranos ou principiantes, non podemos máis que darvos as grazas por todo o voso traballo e polo voso especial compromiso con este Comité. A arbitrase é un traballo voluntario que sen a implicación de cada unha e cada un de vós sería imposible. Especialmente, somos conscientes do grande esforzo que fixestes durante a pasada tempada para que as competicións puidesen saír adiante, o cal é, claramente, digno de louvanza.

Ante este gran capital humano que conformades o CGA, temos máis que claro que este non pode nin debe ser un proxecto individual nin tan sequera das persoas que integramos temporalmente esta Xunta Directiva, senón que debe ser un proxecto colectivo, no que nos gustaría contar con todas e cada unha de vós. Fagamos, pois, entre todas e todos o noso propio Comité, un lugar de encontro, de respecto e de traballo colectivo.

Correspóndenos nestes intreos a responsabilidade de pilotar o CGA, tarefa que desenvolveremos dende a absoluta humildade que nos permita traballar cúbado con cúbado. Ante isto, non podemos máis que poñernos dende xa á vosa disposición para comezar o traballo que temos por diante, así como mostrarnos totalmente abertos para recibir todas as suxestións de mellora que permitan corrixir todas aquelas eivas que poidan ir xurdindo neste camiño que iremos construíndo xuntas e xuntos.

A nosa intención é a de apostar por crear un órgano arbitral no que sigamos formando ás mellores árbitras e árbitros para as nosas competicións nas diferentes especialidades. Para alcanzar este obxectivo faremos do CGA un espazo aberto, dinámico e participativo. Por este motivo, nas vindeiras datas remitirémosvos un cuestionario para que nos poidades remitir todas aquelas cuestións que consideredes que poden ser melloradas ou modificadas no noso funcionamento e inclusive todas aquelas propostas innovadoras que se vos ocorran.

Somos conscientes de que a nosa tarefa dentro da Federación é fundamental para que as diferentes disciplinas poidan desenvolverse, pero tamén cremos firmemente que é o momento de reencontrarnos co resto de estamentos que conforman a nosa comunidade federativa, co fin de estreitar lazos que redunden na mellora de todas as nosas modalidades deportivas.

Agardando poder saudarvos persoalmente proximamente e poder compartir conxuntamente esta nova etapa na que todas as persoas que formamos parte deste Comité Galego Arbitral sexamos o pilar no que se sustenta este proxecto colectivo.

Un afectuoso saúdo.



Aitor Bouza Manso